



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES, ARXENTINA, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN BOS AIRES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á prestación de asistencia aos cidadáns galegos que residen no Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, que por razón de carencia ou de dependencia se atopan en situación de necesidade e non poidan afrontar o custo da súa estancia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Bos Aires, Arxentina, reside unha ampla colonia de persoas galegas anciáns que por razóns de carácter social, carencia de medios de subsistencia ou de falta de familiares que lles dean acollida está a sufrir unha situación de desamparo debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Hogar Gallego para Ancianos, Bos Aires, é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro fundada en 1943, está inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, que ten como finalidade proporcionar albergue digno a persoas que pola súa idade ou condicións fisiolóxicas non poden facerlle fronte á vida, e agrupa actualmente a cerca de cincocentos socios, dos que máis de catro centos son emigrantes galegos e descendentes.





Conta cunha residencia de anciáns, sita en Domselar, que ten unha capacidade para cen residentes, na que actualmente máis da metade son persoas emigrantes ou descendentes procedentes de Galicia, brindándolle vivenda permanente e asistencia integral que inclúe a estancia, a alimentación, o control da saúde e a asistencia social. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver unha destacada e insubstituíble labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de vinte mil euros (20.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do proveedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que esteo efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

